



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 29 de xaneiro de 2015
Hora de comezo: 13.45 h
Hora de remate: 14.20 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Don Jesús J. Santasmarinas Devesa

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación memoria valorada para a construción de senda peonil na estrada AC-960, lugar de Pumares**
- 3. Aprobación dos padróns de abastecemento e saneamento 4º trimestre 2014**
- 4. Concesión de altas no servizo de abastecemento/saneamento**
- 5. Solicitude de subvención para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego**
- 6. Rexeitamento solicitude presentada por funeraria Casablanca SL, en relación coa data de pago do canon anual**
- 7. Clasificación das ofertas do concurso para o subministro das fotocopiadoras**
- 8. Corrección de erro no punto número 4, “contratación do SAF”, da Xunta de Goberno do 8 de xaneiro de 2015**
- 9. Licenzas urbanísticas**
- 10. Baixa definitiva no SAF por libre concorrência**
- 11. Alta axuda no fogar por libre concorrência**
- 12. Aprobación de facturas**
- 13. Punto de urxencia**

14. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓN

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 8 de xaneiro do 2015.

2.Aprobación memoria valorada para a construción de senda peonil na estrada AC-960, lugar de Pumares

Coa finalidade de construír unha senda peonil de 600 metros de lonxitude na estrada AC-960 en Pumares, elaborouse a correspondente memoria valorada cuxo presuposto, IVE engadido, ascende a 4.392,52 €.

Esta obra, preténdese executar directamente pola administración polo que en virtude do establecido no artigo 24.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2014, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, a autorización da execución corresponde ao órgano competente para a aprobación do gasto, que neste caso corresponde a Xunta de Goberno por delegación da alcaldía.

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a memoria valorada de “Construción senda peonil na estrada AC-960 no lugar de Pumares”, cun presuposto de 4.392,52 €, IVE engadido.
2. Executar esta obra pola Administración.
3. Solicitar a Xunta de Galicia autorización para a execución das obras.

3.Aprobación dos padróns de abastecemento e saneamento 4º trimestre 2014

A empresa Espina y Delfin, adxudicataria dos servizos de auga e saneamento, fixo entrega dos padróns para a correspondente aprobación por parte desta entidade, tal e como se transcribe nos correspondentes pregos de cláusulas que rexeron as contratacións dos dous servizos.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar os padróns de abastecemento de auga e saneamento que no 4º trimestre do ano terían os seguintes aboados:

Servizo de abastecemento de auga :1.025

Servizo de saneamento: 1.335

Expoñer ó público para que se poidan realizar as correspondentes alegacións e publicalo no BOP

4. Concesión de altas no servizo de abastecemento/saneamento

A) Altas en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento, inclúense como beneficiarias do servizo ás persoas que se relacionan a continuación, tendo en conta que dona Celia xxxxx, presenta a solicitude de abastecemento de auga o 30 de decembro de 2014, con número de rexistro de entrada 14/2377 e dona Carmen xxxxx presenta a solicitude de abastecemento de auga o 16 de xaneiro de 2015 co número de entrada 15/89.

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
Celia xxxxx	xxxxx	xxxxx, Sergude	54,81 €
Carmen xxxxx	xxxxx	xxxxx, Lestedo	54,86 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento ás persoas que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

As altas concedidas son para vivendas.

Ambas beneficiarias aboaron as taxas no número de conta xxxxx-(ABANCA). Achegan xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo a cada unha das beneficiarias citadas anteriormente .

B) Altas en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúense como beneficiarias de dito servizo ás persoas que se relacionan a continuación, tendo en conta que dona Celia xxxxx, presenta a solicitude de saneamento o 30 de decembro de 2014, con número de rexistro de entrada 14/2377 e dona Carmen xxxxx presenta a solicitude de saneamento o 16 de xaneiro de 2015 co número de entrada 15/89.

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
Carmen xxxxx	xxxxx	xxxxx, Lestedo	54,86 €
Celia xxxxx	xxxxx	xxxxx, Sergude	54,81 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de saneamento ás persoas que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

As altas concedidas son para vivendas.

Ambas beneficiarias aboaron as taxas no número de conta xxxxx-(ABANCA). Achegan xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo a cada unha das beneficiarias citadas anteriormente .

5.Solicitud de subvención para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego

No DOGA número 250 do mércores 31 de decembro de 2014, saíu publicada a Orde pola cal se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego.

No artigo 2 punto 1a) recolle que poderán ser beneficiarias da subvención as entidades locais ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a unha Administración local, cuxa titularidade corresponda integramente a ela, sempre que por si soas ou asociadas teñan unha media de paro rexistrado no ano 2014 superior a 500 persoas.

No artigo 3 punto 1 recolle que serán funcións do persoal técnico de información, orientación e prospección de emprego todas aquelas actuacións de información, orientación profesional, motivación, asesoramento, diagnóstico e determinación do perfil profesional e de competencias, deseño e xestión da traxectoria individual de aprendizaxe, busca de emprego, intermediación laboral e, en resumo, as actuacións de apoio á inserción das persoas beneficiarias.

Habéndose subscrito en data de 6 de febreiro de 2012 un convenio de colaboración entre o Concello de Touro e o Concello de Boqueixón para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego.

Tendo en conta que o mencionado convenio tiña de vixencia a correspondente á subvención outorgada no seu caso pola Consellería de Traballo e Benestar e tendo en conta ademais que a nova orde de convocatoria recolle no artigo 8.7 que a subvención poderá ter efecto retroactivo, sempre que non se interrompese a contratación e a prestación dos servizos polas persoas técnicas de información, orientación e prospección de emprego financiadas ao abeiro da Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 20 de decembro de 2013.

O prazo para a presentación de solicitudes remata o 31 de xaneiro de 2015.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda:

A. Solicitar a Consellería de Traballo e Benestar unha axuda económica de 20.000€ para subvencionar as retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, durante un período de 12 meses.

A.1. Aprobar a memoria explicativa das accións que se van desenvolver na que se reflicte:

A.1.1. Ámbito xeográfico.

A.1.2. Atención colectivos con necesidades especiais.

A.1.3. Experiencia no desenvolvemento das accións solicitadas.

A.1.4. Descrición das medidas de carácter ocupacional complementarias desenvolvidas pola entidade.

A.1.5. Recursos humanos, materiais e técnicos.

A.1.6. Metodoloxía do servizo

A.1.7. Descrición dos sistemas de avaliación propios da calidade dos servizos prestados aos demandantes de emprego.

A.1.8. Centros, persoal e subvención solicitada.

B. Prorrogar a contratación da traballadora máis abaixo relacionada, de acordo coas condicións seguintes:

- B.1. - Traballadora: Lucía Veleiro Ferreiro
- Alta: 01/02/2015
- Categoría profesional: Técnico en orientación laboral
- Coste salarial bruto: 1.261,68€/mes = 15.140,16€ano
- Seguridade Social Concello: 405,00€/mes = 4.860€ano
- Grupo de Cotización: 1
- Modalidade de contrato: 401 Obra/Servizo determinado
- Duración do contrato: Dende 01/02/2015 ata 31/01/2016
- Importe subvención: 20.000,00€
- Aportación municipal: 0,16€

C. Aprobar a Addenda ao convenio de colaboración entre o Concello de Touro e o Concello de Boqueixón para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego, asinada o 14 de xaneiro de 2015 e que terá vixencia ata o 31 de xaneiro de 2016.

D. Comunicar este acordo á Consellería de Traballo e Benestar.

6. Rexeitamento solicitude presentada por funeraria Casablanca SL, en relación coa data de pago do canon anual

Con data 7 de marzo de 2013 a Xunta de Goberno adxudica o contrato de concesión de uso privativo do dominio público para a instalación, explotación e mantemento dun tanatorio - velorio na planta baixa do local social de Camporrapado.

Con data 4 de abril de 2013, asínase o correspondente contrato, entre cuxas cláusulas, na primeira, se establece que a empresa fixo entrega do canon fixado para o ano 2013, e as cantidades das vindeiras anualidades serán satisfeitas dentro dos quince días seguintes ao mes no que se iniciou a actividade.

Sen embargo o prego de cláusulas administrativas aprobado polo Pleno do 21 de decembro de 2012, no seu apartado 4 (CANON DA CONCESIÓN E FORMA DE PAGO), último parágrafo, establece que a concesionaria aboará o pago anticipado do **canon anual ofertado pola utilización privativa do dominio público**. O canon correspondente ó ano inicial deberá aboarse dentro dos quince primeiras días seguintes, a partir da data de notificación da adxudicación definitiva do contrato, **as demais anualidades aboaranse dentro dos quince días seguintes ao inicio de cada unha delas**.

Por outro lado a cláusula número 11 (DEREITOS E DEBERES DO CONCESIONARIO), establece no apartado dos dereitos, **o dereito a usar de forma privativa**, limitativa e excluínte a porción do dominio público obxecto da concesión, o mesmo que na cláusula 1 establece que **o obxecto é a regularización... da concesión do uso privativo** do dominio

público. E a cláusula 3 establece que a concesión outorgase por vinte anos contados a partir da **data de formalización do contrato**.

Á vista de todo o cal e en cumprimento da prerrogativa que corresponde á Administración, para interpretar o contrato ou resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, tal como así se establece na cláusula número 18, conclúese:

1-A obriga de aboar o canon é polo uso privativo do dominio público, non pola prestación do servizo.

2- Por isto, a primeira anualidade se ten que aboar a partir da data de notificación da adxudicación e antes de asinar o contrato.

Data na que evidentemente, aínda non se está prestando o servizo, pero a empresa xa ten a posibilidade de dispoñer privadamente do local (unha vez se asine o contrato)

3- As seguintes anualidades terán que aboarse dentro dos quince primeiros días de cada ano, pero tendo en conta que o prazo iniciouse cando se formalizou o contrato, ou sexa o **4 de abril** de 2013.

Isto quere dicir que, o canon debe ser aboado, sempre dentro dos quince primeiros días a contar do 4 de abril de cada ano (exemplo neste ano 2015 entre o 6 e o 22 de abril), e a partires do 4 de abril de 2013, independentemente de que o servizo se empece a prestar máis tarde. E isto, debe entenderse así , porque o obxecto do canon é o uso do local, non a prestación do servizo, e o local está a disposición da empresa para o seu uso privativo desde o 4 de abril de 2013, e de feito o estiveron utilizando para executar obras, redactar proxecto e todo o que levan consigo os trámites para conceder as correspondentes licenzas, durante cuxo período nin o concello nin ninguén o podería utilizar.

Por todo o cal a Xunta de Goberno acorda:

1. Rexeitar o escrito presentado pola FUNERARIA CASABLANCA SL, de data 12 de xaneiro de 2015, rexistro de entrada 15/39, no cal solicitan que se reconsidere a data fixada para o pago do canon anual.

2. Comunicar á citada empresa que terán que seguir aboando o canon nos primeiro quince días de cada ano a contar dende o 4 de abril de cada anualidade.

7. Clasificación das ofertas do concurso para o subministro das fotocopiadoras

Na Xunta de Goberno do día 4 de decembro de 2014, acordouse iniciar o expediente de contratación mediante o procedemento negociado sen publicidade do subministro mediante renting de 3 equipos multifunción.

Na mesma sesión, acórdase enviar invitación ás seguintes empresas:

Canon
Xestión Dixital Compostela, SLU
Ofinolta
Ricoh España, SL
FOGA

O día 11 de decembro envíase, vía correo electrónico, as invitacións ás citadas empresas, e tamén se publica a licitación no perfil do contratista da páxina web municipal.

O día 19 de decembro, presentan as súas ofertas as empresas Canon e Ricoh España, SL, e o día 22 de decembro faino a empresa FOGA.

O día 21 de xaneiro ten entrada no rexistro municipal o correspondente informe valorando as ofertas presentadas e tendo en conta os pregos aprobados para o efecto.

A documentación dos sobres A é revisada e está correcta.

A continuación dase conta e coméntanse as puntuacións así como as explicacións sobre as valoracións efectuadas no informe técnico, que a continuación se transcribe literalmente:

“INFORME DE OFERTAS PRESENTADAS

ASUNTO: VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO, DO SUBMINISTRO, MEDIANTE RENTING, DE 3 EQUIPOS MULTIFUNCIÓN PARA O CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Contratistas:

- 1. VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.*
- 2. RICOH ESPAÑA, S.L.U.*
- 3. FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L.*

Pablo Rojo Losada, Enxeñeiro Técnico Industrial, informa que examinadas as documentacións presentadas na licitación do subministro de referencia, ao seu xuízo, e en función dos criterios contidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, a valoración alcanzada en cada un dos criterios é o que segue:

Criterios de valoración	Empresas	VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.	RICOH ESPAÑA, S.L.U.	FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L.
	Val max.			
Oferta económica para o consumo estimado	46	20,91	20,73	46
Oferta económica para o exceso de copias	4	4	1,80	3,97
Nivel de calidade do servizo	20	20	0	7,5
Software de xestión	10	10	10	10
Formación e asistencia técnica aos usuarios	10	10	10	10
Velocidade de escaneado	5	5	5	5
Resolución	5	5	5	5
TOTAL ->	100	74,91	52,53	87,47

INFORME SOBRE A VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS
ASUNTO: CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO, DO
SUBMINISTRO, MEDIANTE RENTING, DE 3 EQUIPOS MULTIFUNCIÓN PARA O
CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Pablo Rojo Losada, Enxeñeiro Técnico Industrial, informa que para a valoración das ofertas dos distintos contratistas, realizouse o estudo das mesmas en base a seguinte descomposición dos criterios contidos no “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO, DO SUBMINISTRO, MEDIANTE RENTING, DE 3 EQUIPOS MULTIFUNCIÓN PARA O CONCELLO DE BOQUEIXÓN”.

No apartado 10.- PROCEDIMENTOS DE ADXUDICACIÓN do prego antes mencionado se indican os criterios que rexeran a valoración do concurso. A continuación se repasan todos os puntos xustificando as puntuacións obtidas por cada empresa.

1. Oferta económica consumo estimado ata 46 puntos
Para a valoración deste apartado considerase o seguinte: “Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que presente a maior baixa con respecto orzamento para o consumo estimado e puntuacións proporcionais ao resto, mediante aplicación da seguinte fórmula”.

$$\text{Puntos}(i) = \frac{\text{Baixa}(i)}{\text{BaixaMáxima}} * \text{PuntuaciónMáxima}$$

O valor estimado da contratación a realizar sen incluír o IVE ascende a 31.440,00 euros (7.860,00 €/ano durante catro anos) segundo o apartado 10.1. do prego.

As ofertas presentadas son as seguintes

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. presenta unha oferta cun importe de: 24.734,40 €
RICOH ESPAÑA, S.L.U. presenta unha oferta cun importe de: 24.792,00 €
FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. presenta unha oferta cun importe de: 16.686,08 €

Polo tanto as puntuacións para cada empresa son as seguintes:

$$\text{Baixa máxima} = 31.440,00 - 16.686,08 \text{ €} = 14.753,92 \text{ €}$$

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.

$$\text{Puntos}(i) = \frac{31.440 - 24.734,40}{14.753,92} * 46 \text{ puntos} = \frac{6.705,60 \text{ €}}{14.753,92 \text{ €}} * 46 \text{ puntos} = 20,91 \text{ puntos}$$

RICOH ESPAÑA, S.L.U.

$$\text{Puntos}(i) = \frac{31.440 - 24.792}{14.753,92} * 46 \text{ puntos} = \frac{6.648,00 \text{ €}}{14.753,92 \text{ €}} * 46 \text{ puntos} = 20,73 \text{ puntos}$$

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L.

$$\text{Puntos}(i) = \frac{31.440 - 16.686,80}{14.753,92} * 46 \text{ puntos} = \frac{14.753,92 \text{ €}}{14.753,92 \text{ €}} * 46 \text{ puntos} = 46 \text{ puntos}$$

2. Oferta económica exceso de copias ata 4 puntos

Para a valoración deste apartado considerase o seguinte: “Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que presente a maior baixa con respecto orzamento para o exceso de copias e puntuacións proporcionais ao resto, mediante aplicación da seguinte fórmula”.

$$\text{Puntos}(i) = \frac{\text{Baixa}(i)}{\text{BaixaMáxima}} * \text{PuntuaciónMáxima}$$

O valor estimado da contratación a realizar sen incluír o IVE ascende a 312,00 euros/ano segundo o apartado 5.1. do prego.

As ofertas presentadas son as seguintes

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. presenta unha oferta cun importe de: 86,70 €
 RICOH ESPAÑA, S.L.U. presenta unha oferta cun importe de: 210,60 €
 FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. presenta unha oferta sen indicar o importe total, pero indica os seguintes prezos: 0,00658 euros por páxina en branco e negro e 0,03378 euros por páxina en cor. Sabendo que o exceso previsto en número de páxinas é de: 5.700 páxinas en branco e negro e 1.500 páxinas en cor, obtense a seguinte cantidade: 5.700 pax. * 0,00658 €/pax + 1,500 pax * 0,03378 = 37,51 € + 50,67 € = 88,18 €

Polo tanto as puntuacións para cada empresa son as seguintes:

Baixa máxima = 312 – 86,70 € = 225,30 €

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.

$$\text{Puntos}(i) = \frac{312 - 86,70}{225,30} * 4 \text{ puntos} = \frac{225,30 \text{ €}}{225,30 \text{ €}} * 4 \text{ puntos} = 4 \text{ puntos}$$

RICOH ESPAÑA, S.L.U.

$$\text{Puntos}(i) = \frac{312 - 210,60}{225,30} * 4 \text{ puntos} = \frac{101,40 \text{ €}}{225,30 \text{ €}} * 4 \text{ puntos} = 1,80 \text{ puntos}$$

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L.

$$\text{Puntos}(i) = \frac{312 - 88,18}{225,30} * 4 \text{ puntos} = \frac{223,82 \text{ €}}{225,30 \text{ €}} * 4 \text{ puntos} = 3,97 \text{ puntos}$$

3. Nivel de calidade do servizo ata 20 puntos

Este apartado divídese en tres subapartados:

- Tempo de resolución de incidencias (10 puntos).
- Tempo de entrega de consumibles (5 puntos).
- Tempo de resposta ante incidencias (5 punto).

Para a valoración deste apartado considerase o seguinte: “Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que presente a maior baixa con respecto ao parámetro de calidade de servizo establecido no prego, e puntuacións proporcionais ao resto, mediante a aplicación da seguinte fórmula”.

$$\text{Puntos}(i) = \frac{\text{Baixa}(i)}{\text{BaixaMáxima}} * \text{PuntuaciónMáxima}$$

Non se atopa no prego os parámetros de calidade de servizo. Polo que se realizará a valoración dando a maior puntuación a mellor oferta, a menor puntuación á peor oferta e o resto de valores existentes serán proporcionais.

- As ofertas presentadas para o tempo de resolución de incidencias son as seguintes

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. oferta un tempo máximo de 4 horas.
RICOH ESPAÑA, S.L.U. oferta un tempo máximo de 8 horas.
FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. oferta un tempo máximo de 8 horas.

Polo tanto as puntuacións para cada empresa son as seguintes:

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. oferta o menor tempo de resposta polo tanto se lle outorga a puntuación máxima 10 puntos.
RICOH ESPAÑA, S.L.U. oferta o maior tempo de resposta polo tanto se lle outorga a puntuación mínima 0 puntos.
FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. oferta o maior tempo de resposta polo tanto se lle outorga a puntuación mínima 0 puntos.

- As ofertas presentadas para o tempo de entrega de consumibles son as seguintes

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. oferta un tempo máximo de 0 horas, segundo a oferta presentada, o propio equipo solicita os consumibles antes de que se esgoten e haberá un xogo completo de cartuchos para reposición.
RICOH ESPAÑA, S.L.U. oferta un tempo máximo de 8 horas.
FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. oferta un tempo máximo de 4 horas.

Polo tanto as puntuacións para cada empresa son as seguintes:

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. oferta o menor tempo de entrega de consumibles polo tanto se lle outorga a puntuación máxima 5 puntos.
RICOH ESPAÑA, S.L.U. esta empresa oferta o maior tempo de entrega de consumibles polo tanto se lle outorga a puntuación mínima 0 puntos.
FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. oferta un tempo de entrega de consumibles igual a 4 horas no medio das outras dúas ofertas, polo tanto se lle outorga a metade da puntuación 2,50 puntos.

- As ofertas presentadas para o tempo de resposta ante incidentes son as seguintes

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. oferta un tempo máximo de 1 horas.
RICOH ESPAÑA, S.L.U. oferta un tempo máximo de 4 horas.
FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. oferta un tempo máximo de 1 horas.

Polo tanto as puntuacións para cada empresa son as seguintes:

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. oferta o menor tempo de entrega de consumibles polo tanto se lle outorga a puntuación máxima 5 puntos.
RICOH ESPAÑA, S.L.U. oferta o maior tempo de entrega de consumibles polo tanto se lle outorga a puntuación mínima 0 puntos.
FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. oferta o menor tempo de entrega de consumibles polo tanto se lle outorga a puntuación máxima 5 puntos.

4. Software de xestión ata 10 puntos

Para a valoración deste apartado considerase o seguinte: “Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que poña a disposición do concello un software de xestión centralizada que permita todas as funcionalidades que se indican de seguido, restando os

puntos que se indican no caso de que o software ofertado non dispoña dalgunhas das indicadas”.

- Control de usuarios e consumo realizado (3 puntos).
- Control do estado dos equipos (2 puntos).
- Automatización de incidencias (3 puntos).
- Integración co directorio activo (2 puntos).

A xuízo do técnico que subscribe considerase suficientemente acreditada a existencia dun software de xestión centralizada, se así se indica explicitamente na documentación entregada.

As ofertas presentadas son as seguintes

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.

- Control de usuarios e consumo realizado: aplicación Universal Login Sistem.
- Control do estado dos equipos: software de RUI interface do usuario remota.
- Automatización de incidencias: software de xestión eMaintenance.
- Integración co directorio activo: si.

RICOH ESPAÑA, S.L.U.

- Control de usuarios e consumo realizado: ferramenta SafeCom, xestión de usuarios, grupos e centros de coste.
- Control do estado dos equipos: ferramenta SafeCom, xestión e administración técnica dos diferentes equipos.
- Automatización de incidencias: ferramenta SafeCom,
- Integración co directorio activo: si

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L.

- Control de usuarios e consumo realizado: software PaperCut + AMR + Rexistro en equipos (mediante buzóns).
- Control do estado dos equipos: software AMR.
- Automatización de incidencias: software AMR.
- Integración co directorio activo: software PaperCut.

Polo tanto as puntuacións para cada empresa son as seguintes:

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. puntuación máxima 10 puntos.

RICOH ESPAÑA, S.L.U. puntuación máxima 10 puntos.

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. puntuación máxima 10 puntos.

5. Formación e asistencia técnica aos usuarios ata 10 puntos

Para a valoración deste apartado considerase o seguinte: “Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que poña a disposición do concello un servizo de formación e apoio á explotación durante toda a vixencia do contrato tal como se describe no apartado de Formación do prego de prescricións técnicas, e puntuación nula ao resto”

No prego de prescricións non se describe as necesidades para o servizo de formación, polo tanto para valorar este apartado considerouse que o servizo debería ter unha formación inicial ao usuario e un servizo de atención durante toda a vida útil dos equipos.

Todas as ofertas presentadas presentan un plan de formación adecuado as necesidades antes mencionadas.

Polo tanto as puntuacións para cada empresa son as seguintes:

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. puntuación máxima 10 puntos.

RICOH ESPAÑA, S.L.U. puntuación máxima 10 puntos.

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. puntuación máxima 10 puntos.

6. Velocidade de escaneado ata 5 puntos

Para a valoración deste apartado considerase o seguinte: “Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que presente o maior incremento na velocidade de escaneado para os equipos, mediante a aplicación da seguinte fórmula”

$$\text{Puntos}(i) = \frac{\text{Ratio}(i) - 50}{20} * \text{PuntuaciónMáxima}$$

Ratio(i) é o valor mínimo entre 70 e a máxima velocidade de escaneado ofertada.

As ofertas presentadas son as seguintes

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. 120 documentos por minuto.

RICOH ESPAÑA, S.L.U. 80 documentos por minuto.

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. 156 documentos por minuto, con orixinais a dobre cara.

Polo tanto as puntuacións para cada empresa son as seguintes:

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.

$$\text{Puntos}(i) = \frac{70 - 50}{20} * 5 \text{ puntos} = 5 \text{ puntos}$$

RICOH ESPAÑA, S.L.U.

$$\text{Puntos}(i) = \frac{70 - 50}{20} * 5 \text{ puntos} = 5 \text{ puntos}$$

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L.

$$\text{Puntos}(i) = \frac{70 - 50}{20} * 5 \text{ puntos} = 5 \text{ puntos}$$

..... **ata 5 puntos**

7. Resolución

Para a valoración deste apartado considerase o seguinte: “Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que presente un nivel de resolución de 1 millón de puntos ou superior e puntuación nula ao resto”

$$\text{NivelResolución} = \text{ResoluciónX (dpi)} * \text{ResoluciónY (dpi)}$$

ppp (puntos por pulgada) = dpi (dots per inch)

As ofertas presentadas son as seguintes

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. 1200 ppp * 1200 ppp.

$$\text{NivelResolución} = 1.200 \text{ ppp} * 1.200 \text{ ppp} = 1.440.000 \text{ ppp} > 1.000.000 \text{ ppp}$$

RICOH ESPAÑA, S.L.U. 1.200 * 1.200 dpi.

$$\text{NivelResolución} = 1.200 \text{ dpi} * 1.200 \text{ dpi} = 1.440.000 \text{ dpi} > 1.000.000 \text{ dpi}$$

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. 1.800 * 600 ppp
NivelResolución = 1.800 ppp * 6200 ppp = 1.080.000 ppp > 1.000.000 ppp

Polo tanto as puntuacións para cada empresa son as seguintes:

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. puntuación máxima 5 puntos.

RICOH ESPAÑA, S.L.U. puntuación máxima 5 puntos.

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. puntuación máxima 5 puntos.

Boqueixón, xaneiro de 2015
O enxeñeiro técnico industrial
Fdo.: Pablo Rojo Losada”

Á vista de todo isto a Xunta de Goberno acorda:

1 Clasificar as ofertas presentadas, por orde decrecente:

Criterios de valoración	FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L.	VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.	RICOH ESPAÑA, S.L.U.
Oferta económica para o consumo estimado	46	20,91	20,73
Oferta económica para o exceso de copias	3,97	4	1,80
Nivel de calidade do servizo	7,5	20	0
Software de xestión	10	10	10
Formación e asistencia técnica aos usuarios	10	10	10
Velocidade de escaneado	5	5	5
Resolución	5	5	5
TOTAL ->	87,47	74,91	52,53

2 Requirir ó licitador con maior puntuación para que presente, no prazo de 10 días hábiles, a documentación que se sinala no prego de cláusulas administrativas conforme co establecido na art. 146.4 da Lei de contratos na súa redacción dada pola lei 14/2013 do 27 de setembro, de apoio ós emprendedores e a súa internacionalización.

Tamén presentarán o correspondente aval polo importe do 5% do importe ofertado, excluído o IVE

8. Corrección de erro no punto número 4, “contratación do SAF”, da Xunta de Goberno do 8 de xaneiro de 2015

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 8 de xaneiro de 2015, punto número 4, acordouse iniciar e aprobar o expediente de contratación, así como o gasto, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de

condicións técnicas para a contratación do servizo de axuda no fogar do concello de Boqueixón, os cales se transcriben literalmente.

No prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do SAF do concello, o artigo 12 fai referencia ós criterios de valoración.

O apartado b) “ criterios que dependen dun xuízo de valor”, os cales non son avaliábles de xeito automático senón que serán valorados polo comité de expertos, distribúense en:

- Proxecto técnico de desenvolvemento do servizo e
- Melloras.

No proxecto técnico de desenvolvemento do servizo faise referencia a que *“de 0 a 12 puntos valoráranse os recursos humanos. A estes efectos deberá especificarse de forma inequívoca o persoal que queda adscrito directa e continuamente á prestación do servizo no concello de Teo e que de 0 a 8 puntos valoráranse os recursos materiais adscritos de forma directa e de xeito continuado á prestación do servizo no concello de Teo”*.

Nas melloras faise referencia a *“accións de voluntariado social na modalidade de acompañamento, valorándose a proposta técnica e a adaptación da mesma ao concello de Teo. Este apartado terá unha valoración de 0 a 5 puntos”*.

Tendo en conta que existe unha errata, un erro material manifesto, posto que onde pon concello de Teo debe poñer concello de Boqueixón; erro que supón unha equivocación elemental, tal e como se sinala no artigo 105 da Lei 30/92, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99 de 13 de xaneiro, sen que elo supoña un posterior razoamento, nin operación valorativa ou aclaratoria sobre normas xurídicas, a Xunta de Goberno acorda:

1. Corrixir o erro material manifesto existente no artigo 12.b) “ criterios que dependen dun xuízo de valor : Proxecto técnico de desenvolvemento do servizo e Melloras”, e onde pon concello de Teo poñer “concello de Boqueixón”, co cal dito artigo 12.b) queda redactado do seguinte xeito:
 - Proxecto técnico de desenvolvemento do servizo: de 0 a 50 puntos.
Valorarase neste apartado os aspectos de intervención social e de xestión do servizo coa seguinte distribución:
 - De 0 a 12 puntos valoráranse os recursos humanos. A estes efectos deberá especificarse de forma inequívoca o persoal que queda adscrito directa e continuamente á prestación do servizo no concello de Boqueixón.
 - De 0 a 8 puntos valoráranse os recursos materiais adscritos de forma directa e de xeito continuado á prestación do servizo no concello de Boqueixón.
 - Melloras: de 0 a 30 puntos.
Valoráranse as melloras ofertadas polas empresas, sen custo adicional para a administración, que estean directamente relacionadas co obxecto do contrato e que repercutan na mellora do servizo, en concreto:
 - Accións de voluntariado social na modalidade de acompañamento, valorándose a proposta técnica e a adaptación da mesma ao concello de Boqueixón. Este apartado terá unha valoración de 0 a 5 puntos.”

2. Comunicar dita corrección os departamentos de Servizos Sociais e de Contratación os efectos oportunos.

9.Licenzas urbanísticas

A) Concesión de licenza municipal de segregación, para a regularización dos lindeiros de catro fincas rústicas, emprazadas no lugar de Vilar, na parroquia de Lestedo. Exp.: 15/021 – Regularización dos lindeiros de catro fincas rústicas

Antecedentes:

Con data do 08/01/2015 (registro de entrada N.º: 15/021), por Juan Manuel xxxxx, con DNI N.º: xxxxx, en representación da comunidade de herdeiros de Manuel xxxxx, composta tamén polos seguintes integrantes: M^a del Carmen xxxxx, con DNI N.º: xxxxx; M^a del Pilar xxxxx, con DNI N.º: xxxxx; e Concepción xxxxx, con DNI N.º: xxxxx, preséntase un proxecto para a regularización dos lindeiros de 4 fincas rústicas, subscrito polo arquitecto técnico, D. Gonzalo Navaza Mosteiro, colexiado núm. 891, situadas no lugar de Vilar, na parroquia de Santa María de Lestedo, e emprazadas urbanísticamente en Solo non urbanizable común, segundo as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, actualmente vixentes.

O proxecto técnico presentado, ten como obxecto, mediante varias actuacións simultáneas de segregación e agregación, a regularización dos lindeiros das parcelas iniciais descritas neste. Esta situación ven derivada dos limiares de inclusión e exclusión de fincas, no procedemento da concentración parcelaria de Lestedo. Mediante as actuacións indicadas, redúcese o número de parcelas, pasando de catro a tres: A+B, C e D; e modifícanse os seus lindeiros, de xeito que queden o máis regulares e ortogonais con respecto ás vías de comunicación, posible. Do mesmo xeito, as superficies dos predios quedan máis equilibradas que na situación inicial. En todo caso, e tal e como se esixe no artigo 206 da LOUPMRG, as parcelas resultantes cumpren coa unidade mínima de cultivo, establecida en 2.000 m² para o concello de Boqueixón, polo Decreto 330/1999, do 9 de decembro.

Con data do 13/01/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítese o **informe técnico favorable**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, e para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa municipal, pola solicitude desta licenza municipal, por importe de 184,86 € (ingresada aos efectos, con data do 16/01/2015), polo que unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a Juan Manuel xxxxx, en nome e representación da comunidade de herdeiros de Manuel xxxxx, a Licenza Municipal de segregación, para a regularización dos lindeiros de catro fincas rústicas, emprazadas no lugar de Vilar, na parroquia de Lestedo, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

01. Número de expediente: 15/021
02. Promotor da licenza: JUAN MANUEL xxxxx
03. N.I.F. do promotor: xxxxx
04. En representación de: COM. DE HERDEIROS DE MANUEL FREIRÍA REGUEIRA
05. Clasificación urbanística: SOLO NON URBANIZABLE COMÚN
06. Tipo de Licenza: SEGREGACIÓN PARA REGULARIZACIÓN DE LINDEIROS
07. Situación e emprazamento: VILAR - LESTEDO

08. Técnico autor do proxecto: GONZALO NAVAZA MOSTEIRO. Arquitecto Técnico

09. Descrición das parcelas iniciais:

Parcela A: Casa, no lugar de Vilar, na parroquia de Sta. María de Lestedo, identificada coa referencia catastral 001409200NH43G0001BJ, que consta de planta baixa e piso alto, con un terreo unido, curral cuberto e cuadra para o gando, lagar ao Oeste, eira, hórreo e demais servizos, formado todo elo un conxunto de sesenta cuartillo e medio, ou dezaseis áreas e doce centiáreas (1.612 m²), e que linda; norte, herdeiros de Manuel xxxxx e os de Manuel xxxxx, en realidade, a día de hoxe, con Manuel Jesús xxxxx; sur, con camiño de carro, e en parte rego; Leste, canle de rego e sendeiro, en realidade con canle de rego, e Oeste, con camiño.

Inscripción rexistral: tomo 1215, libro 86, folio 179, finca 18273.

Parcela B: Leira de “*Cerdeira ou do lugar*”, en realidade horta e salido da casa, identificada coa referencia catastral 15012A506050930000WL; excluída dos procesos de concentración parcelaria, sita no lugar de Vilar, parroquia de Lestedo, de doce áreas e trinta e unha centiáreas, en realidade, segundo recente medición pericial, de vintesete áreas e noventa e tres centiáreas (2.793 m²), e que linda, a tódolos ventos con máis da herdanza, en realidade linda: norte, con terreo unido da casa anteriormente descrito, e camiño; sur, leste e oeste, coa finca nº 362 da zona de concentración parcelaria de Lestedo, propiedade da mesma comunidade hereditaria.

Non está inscrita.

Parcela C: finca 361; identificada coa referencia catastral 15012A506003610000WY; da zona de concentración parcelaria de Sta. María de Lestedo, prado e labradío, ao sitio de “CURTIÑAS”, no concello de Boqueixón, e que linda: norte, Juan Freiría xxxxx, en realidade con herdeiros de Manuel xxxxx (362); sur, Josefina xxxxx (357), José xxxxx (356), Manuel xxxxx (355) e camiño; leste, Sara xxxxx (363), e Josefina xxxxx (357), en realidade Manuel xxxxx (363); e oeste, José xxxxx (358), e Juan xxxxx, (360), ten unha extensión superficial de noventa e sete áreas e dezaseis centiáreas (9.716m²).

Inscripción rexistral: tomo 1112, libro 76, folio 53, finca 13519.

Parcela D: finca 362; identificada coa referencia catastral nº 15012A506003620000WG; da zona de concentración parcelaria de Sta. María de Lestedo, prado, pastizal, labradío e monte, ao sitio de “VILAR”, no Concello de Boqueixón, e que linda: norte, zona excluída e camiño; sur, zona excluída e outra finca da mesma propiedade (361); leste, camiño, zona excluída e Sara xxxxx, en realidade Manuel xxxxx (363); e oeste, Juan xxxxx, en realidade Lucina xxxxx (371), Juan xxxxx, en realidade Xardín Compostela S.L. (360) e zona excluída, en realidade Jesús xxxxx (878), e Rodolfo xxxxx (882); ten unha extensión superficial de unha hectárea setenta e catro áreas e noventa e nove centiáreas (17.499m²).

Inscripción rexistral: tomo 1112, libro 76, folio 54, finca 13520.

10. Descrición das parcelas finais resultantes:

Parcela 362-1: CASA, sita no lugar de Vilar, na parroquia de Sta. María de Lestedo, identificada coa referencia catastral nº.: 001409200NH43G0001BJ, que consta de planta baixa e piso alto, curral cuberto e cuadra para o gando, lagar ao Oeste, eira, hórreo e demais servizos, cun terreo unido dunha extensión superficial de sesenta e cinco áreas e corenta e cinco centiáreas (6.545 m²), e que linda; norte, camiño; sur, finca 362-3, que logo se dirá; Leste, Manuel xxxxx (363) e zona excluída, propiedade tamén de Manuel xxxxx; e oeste, finca 362-2, que logo se dirá.

Parcela 362-2: prado, pastizal, labradío, monte e zona excluída, ao sitio de “VILAR”, no Concello de Boqueixón, ten unha extensión superficial de unha hectárea trinta e sete áreas e cincuenta centiáreas (13.750 m²); e que linda: norte, camiño; sur, finca 362-3, que logo se dirá; leste, finca 362-1 descrita con anterioridade; e oeste, Juan xxxxx, en realidade Lucina xxxxx (371), zona excluída, en realidade Jesús xxxxx (878), e Rodolfo xxxxx (882), Juan xxxxx (360), en realidade Xardín Compostela S.L.

Parcela 362-3: prado e labradío, ao sitio de “Curtiñas”, no concello de Boqueixón, ten unha extensión superficial de unha hectárea trece áreas e vinte e cinco centiáreas (11.325 m²); e que linda: norte, fincas 362-1 e 362-2 descritas con anterioridade; sur, Josefa xxxxx (357), José xxxxx (356), Manuel xxxxx (355) e camiño; leste, Sara xxxxx (363), e Josefina xxxxx (357), en realidade Manuel xxxxx (363); e oeste, José xxxxx (358), e Juan xxxxx (360), en realidade Xardín Compostela S.L.

Segundo:

Comunicar este acordo ao solicitante

B) Concesión de licenza municipal de 1ª ocupación. Expediente: 14/2307

Antecedentes:

Con data do 16/12/2014, rexistro de entrada núm. 14/2307, e con data do 08/01/2015, con rexistro de entrada nº.: 15/018), por Rosario xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, preséntase unha solicitude de licenza de 1ª ocupación, xunto coa seguinte documentación:

- Certificado Final de Obra, asinado polo director da obra, o arquitecto D. José Antonio Hernando Ezquerro (COAG nº 1779), e polo director de execución, o arquitecto técnico D. Gonzalo Navaza Mosteiro (COAATIEAC nº 891), e visado polo COAG con data do 19/11/2014.
- Certificado de Eficiencia Enerxética de edificio terminado
- Fotografías de fachadas
- Planos reformados, xustificación de normativa e memoria de estado final

Unha vez examinada a documentación presentada, xunto co expediente municipal existente, conséntase que a licenza municipal de obras, número 11/742, de data do 20/07/2011 (incluída no expediente n.: 2011/386), sobre a que se solicita esta licenza de 1ª ocupación, figura neste concello a nome de Rosario xxxxx, con DNI nº.: xxxxx.

Con data do 13/01/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, en cumprimento da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, emítase o informe técnico, coa finalidade de comprobar que o edificio ou vivenda cumpre cos requisitos para ser destinada a uso residencial, que se axusta á licenza urbanística outorgada, ós efectos de obter a licenza de primeira ocupación. Realizada visita de comprobación, á vivenda construída, e vista a totalidade da documentación presentada, faise constar que non se atoparon diferenzas substanciais con respecto á citada documentación. De acordo coa documentación final de obra achegada, as variacións reflectidas nesta, con respecto ó proxecto inicial, non supoñen unha modificación da licenza outorgada, e cumpren coa normativa vixente. Considérase pois que as obras executadas, **axústanse á licenza municipal de obras concedida.**

Consta no expediente toda a documentación presentada polos promotores, o informe técnico favorable, de data do 13/01/2015, e o xustificante do ingreso da Taxa municipal (con data do 17/12/2014), por importe de 123,24 €, polo que de conformidade co disposto no artigo 195.6, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Outorgar, a Rosario xxxxx, con DNI nº.: xxxxx, a “Licenza municipal de primeira ocupación”, dunha vivenda unifamiliar illada, edificada en base á licenza municipal de obras nº.: número 11/742, de data do 20/07/2011, composta dunha planta de semisoto, planta baixa e planta alta, emprazada sobre a parcela catastral nº.: 15012A509001160001ER, e situada urbanísticamente en Solo non urbanizable de Núcleo Rural, no lugar de Outeiro, na parroquia de Codeso, en canto a competencia municipal, e sen prexuízo da que corresponda a outros organismos.

Segundo:

Notificar este acordo á interesada

10. Baixa definitiva no SAF por libre concorrencia

Acordo de baixa definitiva no SAF por libre concorrencia dunha persoa.

11. Alta axuda no fogar por libre concorrencia

Concesión de alta no SAF por libre concorrencia.

12. Aprobación de facturas

Reparo na factura número 15 - Luis Soto Rebollo, “Amarres contedores”

Consta no expediente de aprobación de facturas o reparo de Intervención, de data 21 de xaneiro de 2015 por incumprimento da Base de execución núm. 26 do Presuposto municipal, posto que non se ten presentado a previa proposta de gasto. Non obstante, tendo en conta que o reparo non afecta á existencia de crédito nin á omisión de requisitos ou trámites esenciais, non procede a suspensión da súa aprobación.

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 17.698,50 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELÉGRAFOS	Corres mes decembro	920	22102	250,95 €
2	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico fixos decembro	920	22200	
3	VODAFONE ESPAÑA S.A.U	SMS 15/12/2014-14/0/15	920	22200	

TOTAL	669,05 €
--------------	-----------------

Aprobación de facturas pendiente de pago:

	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	A. CULTURAL "A REXIONALISTA"	2º prazo libro "Boqueixón: Música e tradición"	334	22609	1.500,00 €
2	ANTONIO PENA S.L.	Reparación termo	342	21200	66,55 €
3	ARTES GRÁFICAS ALONSO S.L.	Diplomas	241	22699	78,65 €
4	ASCENSORES ENOR, S.A.	Mantemento ascensor xaneiro	920	21200	76,23 €
5	COMPOSTELA DE GAS2011 S.L.	Recarga de gas campo de fútbol do Forte	342	22102	243,75 €
6	COREGAL	Recolida cartón decembro	162	21300	388,98 €
7	DIXITALCOR 2011 S.L.	Camisetas	341	22609	448,31 €
8	EDITORIAL ARANZADI S.L.	Subscripción revistas administración	920	22001	486,89 €
9	EDITORIAL COMPOSTELA S.A.	Subscripción "El Correo Gallego"	920	22001	440,00 €
10	ESCOLA DE FUTBOL BOQUEIXÓN	Monitor de pilates, zumba e patinaxe xaneiro	341	22609	1.235,00 €
11	FEMP	Cota asociado 2015	920	22799	246,03 €
12	GASOLEOS SAN BENITO, S.L.	Gasolina maquinaria protección civil	130	22103	292,79 €
13	JOSÉ GONZALO TORRES GIL	Liquidación de gastos	135	21300	59,74 €
14	JOSÉ JUAN LÓPEZ CARRO "MARLO"	Reposición en marquesiña en Noente	153	21200	405,35 €
15	LUIS SOTO REBOLLO	Amarres contedores	162	21300	3.563,75 €
16	Mª DEL CARMEN VÁZQUEZ FERNÁNDEZ	Alimentos Escola Infantil Municipal	231	22199	217,20 €
17	MADESA	Postes e madeira para balaustrada Local Codeso	171	21000	598,95 €
18	MARBE HISPANIA, S.L.	Cemento media caña en Milleirós	150	22699	452,55 €
19	PAZOS Y VIEIRO S.L.	Cinta de balizar e de embalar	130	22100	39,69 €
20	RICOH ESPAÑA S.L.U.	Exceso fotocopias 1/09-30/11	920	21300	510,84 €
21	SAROLTA ZALAN	Liquidación de gastos	920	23020	22,56 €
22	SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.	Mantemento extintores	920	21200	623,33 €
23	TALLAUNIÓN S.L.	cambiar tacógrafo camión lixo	162	21300	786,88 €
24	TALLERES Y REPUESTOS BARCO S.L.	Funda cable, cable e perrillo	130	21300	45,11 €
25	TEODORA KEZEVA	Liquidación de gastos	920	23020	16,73 €
26	ULLA OIL, S.L.	Gasoil depósitos P. Civil	135	22103	2.875,22 €
27	ULLA OIL, S.L.	Gasoil calefacción Escola Infantil	231	22103	539,28 €
28	VAGALUME XESTIÓN INTEGRAL DE SERVICIOS S.L.	Bailoterapia mes decembro	231	21000	289,30 €
29	VIDRIERAS COMPOSTELA S.L.	Espello Casa da Cultura de Camporrapado	231	22199	479,79 €
				TOTAL	17.029,45 €

13.Punto de urxencia

Con motivo da licitación do servizo de axuda no fogar deste concello, solicitóuselle ó Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) que designara a tres traballadores/as sociais para constituír o comité de expertos que será o encargado de valorar as propostas presentadas por cada unha das empresas.

O día 23 de xaneiro recíbese recíbese o escrito onde se nomean os tres titulares e a un/unha suplente. Posteriormente, unha das titulares renuncia a formar parte do tribunal e recíbese escrito comunicando o feito via correo electrónico e con data do día 28 de xaneiro.

Ó ser necesario o nomeamento do comité de expertos, e a vindeira xunta de goberno non realizarse ata o día 5 de febreiro, data na que xa finalizou a presentación de ofertas para o concurso, apróbase a urxencia deste punto.

Nomeamento do comité de expertos para a valoración das ofertas presentadas no concurso de adxudicación do servizo de axuda no fogar

Sendo preciso nomear o comité de expertos para a valoración dos criterios que dependen dun xuízo de valor, no concurso do servizo de axuda no fogar, e á vista do listado enviado polo Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, a Xunta de Goberno acorda:

Nomear ós seguintes profesionais técnicos/as que conformarán o comité de expertos que valorará as propostas das empresas que se presenten ó concurso do servizo de axuda no fogar:

D^a Mónica Rodríguez Palacio, Traballadora Social Colex. n^o 752
D^a Virginia Amor Carballido, Traballadora Social Colex. n^o 2046
D^a Lucía Carballeira Vieites. Traballadora Social Colex. n^o 1813

Publicar este acordo no perfil do contratista da páxina web deste concello.

14.Rogos e preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A secretaria

Visto e prace
O alcalde